CADERNOS DE TEATRO

Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro Ano 2016

Cinco anos de arte dramática no IES Ribeira do Louro

Cartel anunciador da peza teatral Floralba, de Manrique Fernández, baseada nunha lenda popular situada no castelo do Sobroso

Dous fotogramas da obra de Vicente Risco O bufón de El-Rei, escrita polo autor en 1926: unha marabilla moi poucas veces representada

O curso 2014-2015 cumpríronse cinco anos dende o inicio regular da actividade teatral do noso centro, cando representamos un retrinco d' *O Rei Lear*, de Shakespeare. Ao remate do curso pasado eran xa dezaseis as obras montadas polos grupos de teatro do instituto, coordinados polo Equipo de Dinamización Lingüística. As dúas últimas, *Floralba*, de Manrique Fernández, e mais *O Bufón de El-Rei*, de Vicente Risco, dúas pezas moi diferentes aínda que conectadas na trama que se conta: os amores adúlteros. Velaquí un novo número destes *Cadernos de Teatro* para vos referir como foi a última tempada teatral no IES Ribeira do Louro.

Floralba, a dramatización en verso dunha novelesca lenda popular

O noso alumnado representa unha peza teatral do escritor Manrique Fernández, que se ideou como libreto dunha ópera do compositor de Guláns (Ponteareas) Rogelio Groba. A obra toma como base unha lenda que ten como escenario o castelo do Sobroso. Nela nárranse os amores adúlteros de Floralba, esposa de don Fiz Sarmiento, cun romeiro que é acollido no castelo na súa peregrinaxe a Santiago, e o dramático final ao que se ven abocados os dous amantes. Esta lenda popular escrita en verso sitúase nas últimas décadas do século XV, na época dos Reis Católicos, e deixou tras de si o rastro de dúas ánimas, de dúas pantasmas, vagando eternamente polos arredores do castelo.

TEXTO

ACTO I

ESCENA I

VOZ DOS TEMPOS:
"A onde irá aquel romeiro
o romeiro a onde irá.
Camiño de Compostela
non sei se alá chegará ... "

NARRADOR:
Noite escura, noite fría:
chuvia, lóstregos e vento,
e un camiñante que intenta
loitar contra os elementos
para chegar a un castelo
no que pedirá sustento.
É o castelo do Sobroso
do conde don Fiz Sarmiento.

DON FIZ SARMIENTO:
(Escudriñando a ladeira do monte)
¿Quen será ese camiñante
que entre lóstregos e ventos
vén gabeando polo monte
para subir ó castelo?
(Dirixíndose ó GARDA)
¡Vixía! ¡Mire quen é!

O GARDA:
¡Don Fiz! ¡Parece un romeiro!
Vén co hábito e o caxato ...
¡E semella moi famento!

DON FIZ SARMIENTO:
Pois entón ábralle as portas ...
Pero mire ben que sexa
o que ese home aparenta.

O GARDA:
¡Fago o que o Señor ordena!
(Ó forasteiro)
¿Quen gabea polo monte?
¿Quen sobe pola ladeira?

O ROMEIRO:
Son un romeiro, Señor,
camiño de Compostela.
Se é temeroso de Deus,
ábrame a porta, lle pido,
e permita que esta noite
poida pasala ó abrigo.

DON FIZ SARMIENTO:
(Dirixíndose ó forasteiro)
Xa que vai a Compostela,
un afán tan nobre e pío,
recupere aquí as súas forzas
antes de seguir camiño.
(O GARDA deixa cruzar a porta ó ROMEIRO, que entra no castelo.)

NARRADOR:
O propio Conde o levou
a carón dunha lareira,
sentouno preto do lume
e mandou que lle trouxeran
un tazón de leite e mel.

DON FIZ SARMIENTO:
Quédese o tempo que queira:
meu fogar é o seu fogar
miña mesa é a súa mesa.
Mañá, cando o galo cante,
eu marcharei a Granada
co peito enchido de fe
e cun milleiro de espadas,
que os Reis pediron axuda
para botar a moraima.
Pero atenderá ó que pida
a miña dona, Floralba.

O ROMEIRO:
(Intenta axeonllarse ós pés do Conde, que non llo permite)
Polo ben que dispensades,
por acoller a un romeiro
famento e desconsolado
Deus bendiga o seu castelo!
Que dos malditos infieis
teña por ben protexelo
e que torne vitorioso,
meu Señor, don Fiz Sarmiento.

NARRADOR:
Foi xusto naquel momento,
segundo din os que o viron,
que Floralba entrou na estancia:
xove, linda, talle fino,
ollos tristeiros e doces,
e nos labios un sorriso.

A VOZ DOS TEMPOS:
El mirouna enfeitizado,
ela perdeu un suspiro.

ESCENA II
(Porta do castelo e ladeira do monte. Madrugada).

(Segue na páx. 4)

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Presentadora ..... TATIANA PAOLA SOUBIRÓN (1º ESO-B)

A voz dos tempos ..... ANDREA FERNÁNDEZ (1ºESO-C), SARA PÉREZ (1º ESO-C)

Narrador ..... AINARA MÁRQUEZ (1º ESO-A), LUCÍA GARCÍA (1ºESO-C)

Don Fiz Sarmiento .... DAVID RODRÍGUEZ (1º ESO-B), SAMUEL BARROS (1º ESO-C), CANDELA NOGUEIRA (1º ESO-C), DAVID DOMÍNGUEZ (1º ESO-C)

Garda ..... GHIZLANE RIZKI (1ºESO-C)

Romeiro ..... GABRIEL CUSTODIO (1ºESO-B)

Floralba ..... SARA ORTIZ (1ºESO-C), IRIA COTO (1ºESO-B)

Soldados ..... ANDREA FERNÁNDEZ (1ºESO-C), GHIZLANE RIZKI, DAVID RODRÍGUEZ (1º ESO-B)

Música ..... - Inicio e remate da obra: *Cantiga de Santa María 179* ("Ben sab'a que pod'e val", de Afonso X o Sabio), interpretada polo Grupo Universitario de Cámara de Compostela, dirixido por Carlos Villanue-
- Intermedios para os intres amables da historia: *Intres Boleses, 1º mov.*, de Rogelio Groba, intepretado pola Orquestra de Cámara de Stuttgart, dirixida por Maximino Zumalave.
-Marcha para a chegada dos soldados: *Preliator*, do conxunto Globus
-Intermedios para os intres escuros nos que deriva a lenda: *Morte de Sigfrido e marcha funeral*, de Richard Wagner, interpretada pola Filharmónica de Londres, dirixida por Klaus Tennstedt.

Coreografía musical (marcha dos soldados) ..... Victorino García

Decorado (cheminea) ..... Alumnado de PCPI-Comercio do curso 2013-14 (Coordinación: Pilar Rodríguez)

Vestiario ..... *Don Disfraz, Disfrazzes*, familias dos estudantes (Coordinación: Virxinia Calviño)

Técnico de son ..... Antonio Méndez

Pano ..... Tatiana Paola Soubirón

Coordinación ..... Delio García

A alumna Tatiana Paola Soubirón presenta a obra Floralba, de Manrique Fernández

Don Fiz Sarmiento (David Rodríguez), señor do castelo do Sobroso

Floralba (Sara Ortiz), dona de don Fiz

A narradora Ainara Márquez cóntanos esta lenda popular que se sitúa no castelo do Sobroso

Todo comeza un día de treboada coa chegada dun romeiro (Gabriel Custodio). Esgotado na súa peregrinación a Santiago, é acollido no castelo

A voz dos tempos (Andrea Fernández) anúncianos algo inquedante: "A onde irá aquel romeiro/ o romeiro a onde irá / camiño de Compostela / non sei se alá chegará"

Ao día seguinte, don Fiz e Floralba dinse adeus. Don Fiz debe marchar á guerra de Granada a loitar contra os hispanos de relixión musulmá, no bando dos Reis Católicos

Don Fiz pídelle á súa dona que se ocupe de que o romeiro sexa ben tratado ata recuperar as forzas

Pero durante a ausencia de don Fiz, consúmase o adulterio: "Peregrino adulador / ti si sabes conquistar. /Se Deus me fixo tan feble / Deus me saberá perdoar"

Pasan semanas. A narradora (agora Lucía García) anuncia a chegada vitoriosa de don Fiz e dos seus soldados. Temerosos da ira do señor do Sobroso, Floralba e o romeiro foxen do castelo

Don Fiz (Candela Nogueira) non dá creto ao que escoita

A garda do castelo (Ghizlane Rizki), á esquerda do fotograma, informa a don Fiz (Samuel Barros) do acontecido: "-Que pasou aquí, vixía / mentres eu fun a Granada / -Que Floralba e o romeiro escaparon na alborada".

DON FIZ SARMIENTO:

(Agarimoso)
Cóidese, miña Floralba;
cóidese que logo veño.
cóidese que logo veño.

FLORALBA:
E vostede, señor Conde,
non esqueza que aquí o espero.

DON FIZ SARMIENTO:
¡Hei de gravar o teu nome
no peito dos sarracenos!

FLORALBA:
¡Protéxase, señor Conde,
das cimitarras do demo!

DON FIZ SARMIENTO:
Non se apure a miña dona,
que non sufra o meu amor,
que aínda que xa non son novo
levo aquí dentro a calor
que desprenden os seus ollos.
Coidade do meu honor
acollendo a ese romeiro
que ás nosas portas chegou.

FLORALBA:
Estará ben atendido
xa que vostede o ordena:
recuperará as súas forzas
antes de ir a Compostela.
Pero don Fiz, lembre sempre
que neste recuncho queda
o corazón de Floralba
esnaquizado de pena.

DON FIZ SARMIENTO: .
Xa o sei, Floralba, xa o sei,
que tamén o meu se marcha
embriagado da tristura
que brota das vosas bágoas;
e non trocará en acougo,
en sentar na miña alma,
ata que algún día volva
con estas mans a abrazala.

FLORALBA:
Quedo pedíndolle a Deus
por que volvades comigo,
que xa boto en falta ó Conde
aínda que non é partido.
Prego ó Deus que defendedes
que protexa ó meu amigo,
que na distancia lembredes
que o meu amor segue vivo.

DON FIZ SARMIENTO:
Floralba, miña Floralba
de cabeleira dourada ...
Floralba de ollos tristeiros ...
Ogallá non te deixara ...

FLORALBA:
¡Don Fiz, don Fiz ... ! ¡Meu
amado!
Ficarei desventurada ...
Ata o día do reencontro
non me verei aliviada.

DON FIZ SARMIENTO:
(Nun susurro)
Floralba de ollos tristeiros ...
De cabeleira dourada ...

FLORALBA:
(Nun susurro)
¡Don Fiz, don Fiz ... ! ¡Meu
amado!
Non me verei aliviada ...

A VOZ DOS TEMPOS:
Don Fiz Sarmiento cabalga
e hai unha bágoa nos ollos
esborrexendo ata os beizos
do amo e señor do Sobroso.
Floralba fica na porta.
Ten unha bágoa nos ollos
de desacougo e tristura
que a fai ficar de xeonllos.

ESCENA III
(Unha estancia no interior do
castelo. De día).

A VOZ DOS TEMPOS:
Cabalga don Fiz, cabalga
polo camiño a Granada
á fronte dos seus soldados.
Nin sequera sospeitaba
que a traizón buscaba acougo
no fogar que el deixara.
Cabalga don Fiz Sarmiento
pola estepa castellana.
Un romeiro enfeitizado
por unha inxenua mirada
dunha dama sempre soa
que chora desacougada.
O romeiro, día a día,
vai buscando a súa compaña
e con verbas sedutoras
ela cae engaiolada ...
Cabalga don Fiz, cabalga
polo camiño a Granada ...
Pola estepa castellana
cabalga don Fiz, cabalga ...

O ROMEIRO:
Floralba, miña Floralba
de cabeleira dourada;
Floralba, ollos de lume,
meixelas de lúa clara ...

FLORALBA: (Sorprendida)
Vállame Deus, cabaleiro!
Como ousades dicir iso?
Non vedes que son a dona
do conde don Fiz Sarmiento?

O ROMEIRO:
Floralba, beizos de mel,
miña flor abandonada.
Floralba de ollos tristeiros ...
Floralba, miña Floralba.

FLORALBA:
(Setíndose adula-
da)
Agradézolle os afagos,
as verbas e galanteos,
pero son muller casada
e non debería atendelos.

O ROMEIRO: .
Floralba, doce sorriso
e lixeiro camiñar.
Este amor que rexeitades
responde á lei natural...

FLORALBA: (Dubidando)
¡Meu Deus! ¡Cale, cabaleiro,
que xa me fai vacilar!
A paixón coa que me tenta ...
¡Non a podo dominar ... !

O ROMEIRO:
Floralba, miña Floralba,
de feiticeiro mirar...
Non permitas que un recordo
che impida volver a amar ...

FLORALBA:
(Sorríndolle ó ROMEIRO e
cedendo.)
¡Peregrino adulador!
¡Ti si sabes conquistar!
(Para si)
¡Se Deus me fixo tan feble
Deus me saberá perdoar!

NARRADOR:
A Condesa, engaiolada
por unha presa de verbas
daquel galán fachendoso,
logo esqueceu as promesas
que na súa despedida
ó conde don Fiz fixera.
E xuntos, coma se fosen
a esposa e o home dela
deixan á paixón que os guíe
por espiñosas vereas.

A VOZ DOS TEMPOS:
"A onde irá aquel romeiro
o romeiro a onde irá. '
Camiño de Compostela
non sei se alá chegará ... "

ESCENA IV
(Patio do castelo. De día).

NARRADOR:
Pasan os días e chegan
novas que enturbian a calma
daquel desleal romeiro
e a pecadora Floralba:
o conde don Fiz Sarmiento
como vencedor cabalga
polo camiño ó Sobroso,
polo camiño á súa casa.
A Condesa, segundo din,
vagaba desacougada
dende o portalón á torre
sen dicir unha palabra.
Pasa o día. Chega a noite.
A Condesa aínda vagaba
dende a torre ó portalón
cunha punzada na alma .

FLORALBA:
(Camiñando nerviosa polo patio.)
Maldito aquel emisario
que o señor Conde enviou
para espelir a conciencia
dunha muller que pecou.
Maldito aquel emisario
que ó castelo se achegou
para amosarme un inferno
dentro do meu corazón.
O meu home torna á casa
despois de loitar na guerra.
¿Que fixen eu? ¡Traizoalo
coma se non me quixera!
¡Don Fiz, don Fiz! ¡Meu amado!
¿Como é que estiven tan cega?
¿ Como me deixei tentar?
¿ Como esquecín a conciencia?
¡Canto máis fácil sería
se non tornase da guerra ... !
¡Meu Deus ... ! ¡Que é o que estou
dicindo ... !
¿ Quen pensa así. .. ? ¿ Quen me
tenta ... ?
¡Don Fiz, don Fiz! ¡Meu amado!
¡Maldita eu que te enganei!
¡ Ogallá non te enganara,
pero é tarde, ben o sei!

(O ROMEIRO, que non sabe nada, acaba de sair ó patio. Ve á Condesa inqueda e vai cabo dela.)

O ROMEIRO:
¿Que acontece, amada miña,
que tan inqueda te ves?

FLORALBA:
Que o conde don Fiz regresa
de darlle servizo ó Rei.
¡Saberá que o enganamos ... !
¡Temo polas nosas vidas ... !
É un home fero e temido
cando está cego de ira ...

O ROMEIRO:
Acouga un pouco, Floralba,
non te atormentes, amiga,
que se torna o señor Conde
nós tomaremos medidas:
marcharemos os dous xuntos
moi lonxe destas porfías
e viviremos felices
entre bicos e caricias.

FLORALBA:
Dispón do que faga falta
que xa se achega o momento:
marcharemos os dous xuntos,
meu malpocado romeiro.

(Os dous entran no edificio para preparar a fuxida. A escea claréase un pouco antes de que fale o NARRADOR: raia o día.)

NARRADOR:
Cando saíu pola porta,
xusto ó pé do firmamento
víase o pó dos guerreiros
do conde don Fiz Sarmiento.

ACTO II

ESCENA I
(Exterior do castelo. É un día de sol pero frío, con pouca luz. Óese lonxana a canción dos soldados, que tornan ledos por vencer na batalla. DON FIZ SARMIENTO vén encabezando o grupo. A canción vai gañando intensidade a medida que se aproximan.)

SOLDADOS:
¡Á fin tornamos á casa!
¡Á fin, a nosa paisaxe!
¡Á fin as nosas familias
despois de tan longa viaxe!
Ós sarracenos vencemos
e botamos de Granada ...
A Cruz vence á Media Lúa,
Sant lago vence á moraima ...
Don Fiz trae un gran botín
conquistado na batalla
para agasallar ós seus,
para obsequiar a Floralba.
¡Á fin tornamos á casa!
¡Á fin, a nosa paisaxe!
¡Á fin as nosas familias
despois de tan longa viaxe!

(Segue na páx. 6)

Don Fiz cae nunha fonda tristura: "Floralba, miña Floralba / a do cabelo dourado. / Marchaches con ese ingrato / Deixáchesme abandonado"

A voz dos tempos (Sara Pérez): "O amor é coma unha planta/ que hai que regar día a día./ porque unha vez sementada/ xermola cos agarimos./ E ti marchaches a Granada./ Pagaches a túa fidalguía/ coa traizón da tua dama"

"Que recollan as súas cousas / e as apilen no xardín / e logo lles prendan lume / ó pé do monte Landín. / Que ninguén repita o nome / da ingrata preto de min"

Pasan os días e nunha fría noite de luar, escóitanse tres golpes no portalón principal: é Floralba (agora Iria Coto). O romeiro, a piques de abandonala, caeu nun pozo e morreu. Agora, arrepentida, pide o perdón do seu home. Pero a resposta de don Fiz é moi dura: "Agora é tarde, Floralba./ Esta ferida é máis fonda / ca da máis cruel cimitarra / A dor que me provocaches / nunca será perdoada".

Morte de Floralba, logo de suplicar: Don Fiz, don Fiz. Meu amado/ Maldita eu que te enganei / Ogallá non te enganara / pero é tarde, ben o sei.

A narradora e mais a voz dos tempos cóntannos o tráxico final da historia

A consideración da infidelidade conxugal como unha falta social moi grave aparece claramente reflectida nesta lenda popular. E o mesmo podemos dicir que con respecto á ingratitude das persoas (neste caso, o romeiro). O seu inaxeitado comportamento fai que ningún dos dous poida descansar en paz nin sequera despois da morte. A lenda di que se converteron en pantasmas vagantes que nin sequera poden verse.

Se queres ver a película das obras representadas, entra en Youtube e escribe *Retrincos Teatrais 2016*

Accede á páxina web do noso Instituto e poderás ver estes *Cadernos de Teatro* a toda cor

(Xa á porta do castelo, DON FIZ SARMIENTO chama por FLORALBA, pero non obtén resposta.)

DON FIZ SARMIENTO:
Floralba, ábrame as portas
que o conde don Fiz xa é vido
vencedor dunha batalla
e dos Reis favorecido.
Floralba, ábrame as portas
e veña co seu marido.
Tráiolle sedas, perfumes,
perlas, xoias, e agarimos

(Dende o castelo, ninguén
contesta.)
¡Non hai resposta da torre!
¿Ninguén ousa contestar
ás chamadas de don Fiz?

(Mentres DON FIZ SARMIENTO se pregunta, óese un rumor ó lonxe que, pouco a pouco, vai subindo. É a VOZ DOS TEMPOS.)

¿E que é ese murmurar?

A VOZ DOS TEMPOS:
"A onde irá aquel romeiro,
o romeiro a onde irá.
Camiño de Compostela
non sei se alá chegará ... "

DON FIZ SARMIENTO:
(Pregúntalle ó GARDA)
¿ Que pasou aquí, vixía,
mentres eu fun a Granada?

O GARDA:
Que Floralba e o romeiro
escaparon na alborada.
Camiñaban os dous xuntos
dándose bicos e abrazos;
ela pegada á súa sombra,
el xogando co caxato.

DON FIZ SARMIENTO:
(Reaccionando con sorpresa.)
¡Como te atreves, vixía ... !
... ¡O meu honor difamado ... !
¡Heite arrastrar polos pés
atadiño ó meu cabalo!
¡Despois tirareite ó monte
e que te confunda o demo
por ensuciar o bo nome
da dona de Fiz Sarmiento!

O GARDA:
(Temeroso ante a reacción do
Conde.)
¡Acougue, don Fiz, acouge.
que esto que lle digo é certo!

DON FIZ SARMIENTO:
¡Non creo as túas palabras!

O GARDA:
Pois entre; poderá velo!

(DON FIZ SARMIENTO entra no interior do castelo. Da unha volta e, ó ver que FLORALBA non está, entende que o que lle
dicía O GARDA é certo. Séntese desacougado.)

DON FIZ SARMIENTO:
(Con indignación.)
Floralba, miña Floralba
a do cabelo dourado ...
¡Marchaches con ese ingrato ... !
¡Deixáscheme abandonado ... !
(Con enerxía e, sobre todo, con
moita rabia.)
¡Pois se Floralba marchou
¡Lévea o demo no regazo!
¡Que nesta casa non volva
tal nome a ser pronunciado!
Que recollan as súas cousas
e as apilen no xardín,
e logo lles prendan lume
ó pé do Monte Landín.
¡Que ninguén repita o nome
da ingrata preto de min!

ESCENA II

(DON FIZ SARMIENTO está encerrado na Torre da Homenaxe, triste e desacougado pola fuxida de FLORALBA. Fóra óense os ruidos dos criados que andan a recoller as cousas da Condesa para queimalas. A escena é escura, só entra unha raiola de luz por unha das xanelas da Torre. O Conde está acuruxado nun recanto, sentado no chan, chorando.)

Primeira edición do libro Floralba, *de Manrique Fernández*

NARRADOR:
E don Fiz, desacougado,
arrastra os pés cara á torre,
e tras cruzar a porta
óese un ferrollo que corre.
E despois unhas pegadas
inquedas e retadoras
e un laiar que rompe a alma:
é o conde don Fiz que chora.
Chega a noite, e outra noite,
xa van catro días fóra
e seguen a oírse as bágoas
de Fiz Sarmiento que chora.

DON FIZ SARMIENTO:
(Choromicando de tristura.)
Floralba, miña Floralba
de cabeleira dourada ...
Floralba, lume nos ollos,
e no corazón mil lapas
que queiman sen compaixón,
a quen quixera abrazala ...
Floralba, de ollos tristeiros ...
¡Aborrecida Floralba!

A VOZ DOS TEMPOS:
Esqueciches a Voz dos Tempos:
"O amor é coma unha planta
que hai que regar día a día,
porque unha vez sementada
xermola cos agarimos."
¡E ti marchaches a Granada ... !
Pagaches a túa fidalguía
coa traizón da túa dama ...

DON FIZ SARMIENTO:
Floralba, miña Floralba,
meixelas de lúa clara ...
Deixeite con ese ingrato ...
¡Ogallá non te deixara!
Floralba, beizos de mel,
miña flor abandonada ...
Floralba de ollos tristeiros ...
¡Aborrecida Floralba!

A VOZ DOS TEMPOS:
Esqueciches a Voz dos Tempos:
"Non poñas a proba á amada:
o amor, preto dela é forte,
máis pérdese na distancia."

DON FIZ SARMIENTO:
Floralba, doce sorriso
e feiticeira mirada ...
Floralba, bicos de escuma
meixelas de lúa clara ...
Fúcheste cun camiñante
que te ten engaiolada ...
Floralba de ollos tristeiros ...
¡Aborrecida Floralba!

A Voz DOS TEMPOS:
Esqueciches a Voz dos Tempos:
"O amor non quere razóns."
Con lanzas mataches os mouros,
coa ausencia mataches o amor ...

DON FIZ SARMIENTO:
Floralba, miña Floralba
de cabeleira dourada ...
Floralba de ollos tristeiros ...
¡Aborrecida Floralba!

NARRADOR:
Pasan días e máis días
e don Fiz, o malpocado,
dende a Torre da Homenaxe
din que non a da olvidado.
Pero nunha fría noite,
a do meirande luar,
escoitáronse tres golpes
no portalón principal.

(Óense os tres golpes na porta e DON FIZ SARMIENTO reacciona dando un chimpo. Avanza cara á xanela e berra por ela.)

DON FIZ SARMIENTO:
¿Quen é o que fai tanto ruido?
¿ Quen me vén a molestar?

O GARDA:
(Óese a súa voz, berrando dende o portón)
¡Don Fiz, don Fiz! ¡É Floralba
que na porta anda a petar!

(DON FIZ SARMIENTO sae.)

ESCENA III

(FLORALBA está na porta do castelo pedindo acougo; DON FIZ SARMIENTO, que xa saíu da Torre da Homenaxe, está sobre o portón, entre as ameas. FLORALBA está a carón do GARDA, que non a deixa entrar sen que o Conde llo ordene. É unha tarde fría e triste, con pouca luz, preto da noite.)

NARRADOR:
Don Fiz abandona a Torre,
xa está sobre o portalón ...
Floralba fica na porta
co vixía ó seu carón.
Ó ver a sombra do Conde
unha bágoa lle esvarou
e póndose de xeonllos
Desta maneira falou:

FLORALBA:
Ábrame as portas, don Fiz
que éste é tamén meu castelo.

DON FIZ SARMIENTO:
Dende o día en que te fuches,
daquela, deixou de selo.

FLORALBA:
Veño aterida de frío
e pido acougo e sosego.

DON FIZ SARMIENTO:
Pois non mo pidas a min;
vai pedirllo ó teu mancebo.
FLORALBA:
Na faldra da Picaraña
atoparédelo morto;
xa algunhas bestas quixeron
ir encetando o seu corpo.
A piques de abandonarme
foi dar cos ósos nun pozo.
¡Nunca chegou a Santiago
o romeiro cobizoso!

DON FIZ SARMIENTO:
¡Así que ves canda a min
porque agora te ves soa!
¿ Como cres que estiven eu
esperando a túa volta?
¡Non, Floralba de ollos tristes!
¡Non, Floralba fachendosa!
(Dirixíndose ó GARDA)
¡Vixía! ¡Pecha o portón
e que a ingrata quede fóra!

(O GARDA obedece e pecha a porta. A partir de aquí, a escena vaise oscurecendo: chega a noite.)

FLORALBA: (Chorando)
Non me abandone, don Fiz;
malia que eu o abandonara.
Veño a vós arrepentida ...

DON FIZ SARMIENTO:
¡Agora é tarde, Floralba!
Esta ferida é máis fonda
ca da máis cruel cimitarra ...
¡A dor que me provocaches
nunca será perdoada!

FLORALBA:
(Para si)
¡ Don Fiz tornouse cruel. .. !
¡ O seu corazón é pedra ... !
Pero eu son a responsable
por causarlle aquela pena ...
(Ó conde)
¡Por Deus, don Fiz! ¡Pola Virxe!
¡Ábrame a porta esta vez!
O frío roe os meus ósos
e aterece a miña pel...

DON FIZ SARMIENTO:
En van invocas o nome
daquel polo que eu loitei ...
¡O portón segue pechado!
(Para si, resignado)
Aquela que un día amei
hoxe vese repudiada
por unha estúpida lei ...
¡Don Fiz perdeu a súa honra
por ir servir ó Rei ... !

(Segue na páx. 8)

Manrique Fernández: "Sempre me fascinaron as lendas"

O 29 de marzo de 2016 visitounos o escritor e xornalista Manrique Fernández, que vén de publicar o seu último libro, *Tres feridas*, unha espléndida novela que lles gustou moito aos estudantes de 4º ESO do noso instituto. Pois ben, aproveitamos a súa presenza para lle facer unha entrevista, cuxa primeira parte podedes ler no último número da revista *Órbita*, e que asinan as alumnas Nerea Fernández Diz, Anair Martínez Alonso, Bianca Martínez Lemos, Mili Pérez Rocha e Sara Pérez Duarte. Velaquí a segunda parte desa conversa, centrada no tema das lendas populares.

Manrique Fernández, nun intre da conferencia pronunciada no soso instituto

Castelo do Sobroso, escenario onde se sitúa a lenda de Floralba

Querémosche dar as grazas pola túa obra teatral *Floralba*, que tivemos ocasión de representar no centro. En que te baseaches para escribir a obra?

As grazas teño que dárvolas eu a vós por representala. Floralba é unha lenda popular, desas que se vai contando de avós a netos e vai pasando de xeración a xeración. A min as lendas fascínanme. Cando cheguei a Pontearéas, algunhas persoas comezáronme a ensinar lugares deste concello (o castro de Troña, a ponte das Partidas, etc.) e sorprendeume comprobar que coñecían lendas asociadas a todos eses lugares. E xa non só as de mouros e trasnos, que tamén, senón algunhas que tiñan unha trama case novelesca. Entre elas salientaba pola súa popularidade e femosura a de Floralba. A min chegáronme media ducia de versións distintas da lenda. Eu o que fixen foi darlle forma ao relato e unha estrutura un tanto coherente. Así acabou saíndo a peza que vós representastes.

Durante a estrea de Floralba, o noso instituto tivo tamén a honra de contar coa presenza do compositor Rogelio Groba. De esquerda a dereita, o escritor Manrique Fernández, a alumna e actriz Sara Pérez, o compositor Rogelio Groba e o coordinador do grupo de teatro Delio García

Existiron realmente os personaxes de Floralba e don Fiz Sarmiento?

Non o sei, pero eu son dos que pensan que as lendas se inspiran sempre nalgún suceso real. Claro que ao mellor ese suceso real nin é o máis relevante da lenda ou nin sequera chegou a nós. O que si é certo é que o castelo estivo baixo o poder da familia Sarmiento durante moitos anos.

Como xorden as lendas?

Pois para entendelo, vouvos contar unha anécdota. Resulta que unha vez falando cuns señores de Arcos (parroquia de Pontearéas), que estaban contando historias, explicáronme algo moi revelador. Nesa parroquia hai un penedo ao que lle chaman a Pena dos Namorados (lugar por certo que tamén conta coa súa propia lenda) que se sitúa a cen metros escasos da estrada. Pois ben, cando estiveron construíndo esta vía de comunicación tiñan previsto voar ese penedo, porque a estrada ía pasar xustamente por aí. Resulta que no último momento modificaron o trazado e ese penedo salvouse. Pero resulta que xa fixeran uns furados para lle meter dinamita e voalo. Pois ben eses furados no imaxinario colectivo do pobo xa teñen un nome: "Os dedos de Deus". Se a uns furados que ían servir para voar uns penedos lles chaman así, canto tempo pensades que pode tardar en nacer unha lenda aí?

A Pena dos Namorados, en Arcos (Pontearéas)

A obra naceu como libreto dunha ópera do compositor Rogelio Groba. Pódesnos falar algo disto?

Unha vez coñecidas todas estas lendas, decidín relatalas todas en verso e recollelas nun libro. E resulta que cando tiña este traballo case rematado, o compositor Rogelio Groba pediume que escribira a súa biografía. Comecei a investigar na súa vida e descubrín que nos anos 60 intentara elaborar un poema sinfónico inspirado na lenda de Floralba, pero que naquel intre non lle gustou o que estaba facendo e acabouna rachando. Eu entregueille o poema que fixera por se lle servía de inspiración.

El leu o poema, gustoulle pero díxome: "Para un poema sinfónico non, porque me encanta a letra e nun poema sinfónico perderíase. Pero se lle facemos algunhas modificacións, podemos utilizala como texto dunha ópera". Entón comezamos a traballar el e mais eu, xuntos, ata converter ese texto inicial no libreto dunha ópera.



Na fermosísima web "Galicia encantada", podes coñecer máis sobre esta esta lenda e moitas outras

"A tecedora de soños" trae ao noso centro a traxedia grega

As troianas, de Eurípides, un alegato contra todas as guerras

O 10 de novembro do 2015 *A tecedora de soños*, o grupo de teatro do IES Xesús Taboada Chivite, un instituto irmán co que levamos colaborando dende hai anos, veu ao noso centro para nos agasallar coa representación dunha obra na que estiveron a traballar intensamente durante todo un ano, *As troianas*, de Eurípides (un curso antes, foramos convidados por eles a representar en Verín o noso *Edipo rei*, de Sófocles). A montaxe da obra resultou maxistral e cun texto tan esixente, os actores e actrices deron unha auténtica lección de teatro. Moitas grazas a todos eles e mais ao seu profesorado por compartir connosco unha inesquecible tarde de teatro, e beizóns tamén por posibilitar, co seu heroico esforzo, que as ensinanzas artísticas sigan tendo cabida na escola pública.

Dúas imaxes da representación d' As troianas no noso instituto, por parte do grupo de teatro do IES Taboada Chivite. A gravación da representación pódese ver en Youtube

O grupo de Verín trouxo tamén ao noso centro unha divertidísima comedia de José Luis Alonso de Santos: Es la guerra!

(A escena xa está totalmente escura: é noite pechada, unha noite clara pero moi fría. Adivíñase a sombra de FLORALBA dando voltas arredor do castelo.)

A Voz DOS TEMPOS
(voces femininas):

Don Fiz voltou á súa torre.

A Voz DOS TEMPOS
(voces masculinas):

Floralba fica na porta.

A Voz DOS TEMPOS
(voces femininas):

Don Fiz pasea axitado.
A VOZ DOS TEMPOS
(voces masculinas):

Floralba chámao e chora.

A VOZ DOS TEMPOS
(voces femininas):

O corazón de don Fiz
vai preso nunha gaiola.

A VOZ DOS TEMPOS
(voces masculinas):

A desgraciada Floralba
sinte un arrepío fóra.

(FLORALBA segue a dar voltas arredor do castelo, chamando polo seu esposo, pero DON FIZ SARMIENTO non a escoita.)

FLORALBA:
(Berrando)
Ábrame as portas, don Fiz,
que este é tamén meu castelo ...
(Non obtén resposta)

DON FIZ SARMIENTO:
(Dentro da Torre. Para si)
Floralba, miña Floralba,
de cabeleira dourada ...

FLORALBA:
(Berrando)
¡Abride as portas, vos pido!
(Segue sen obter resposta.
Resignada)
¡As verbas lévaas o vento!

DON FIZ SARMIENTO:
Floralba de ollos tristeiros ...
¡Aborrecida Floralba!

FLORALBA:
(Para si)
¡Don Fiz, don Fiz! ¡Meu amado!
¡Maldita eu que te enganei!
¡Ogallá non te enganara,
pero é tarde, ben o sei!

DON FIZ SARMIENTO:
(Para si)
Floralba, miña Floralba ...
¡Hoxe maldigo o teu nome!
¡Non mereces o perdón
por ter enganado ó conde!

(FLORALBA, pouco a pouco vai perdendo as forzas, cada vez máis, ata que, por fin, cae esvaecida no chan. Ó final, a escena vaise clareando un pouco: xa chegan as primeiras luces do día).

NARRADOR:
A Condesa pide axuda,
pero as forzas vai perdendo.
Dá tres voltas ó castelo,
pero vai esmorecendo.
Chama polo seu esposo,
pero vaise esvaecendo.
Trala noite, á alborada,
pouco a pouco, vai morrendo.

(Cando FLORALBA morre, DON FIZ SARMIENTO baixa a recoller o seu corpo. Con él nos brazos, sobe de novo ó alto da Torre da Homenaxe e tírao contra a ladeira do monte. Despois de facer isto, quédase mirando ó lugar no que caeu a Condesa, coa mirada triste e perdida.)

DON FIZ SARMIENTO:
(Enfadado)
¡Que ninguén toque a Floralba!
¡Non quero que ninguén a toque!
¡Que a coman as alimañas
por ter enganado ó Conde!
¡Que ninguén toque a Floralba!
¡Que a deixen aí, no monte!
¡Non merece enterro santo
por ten enganado ó Conde!

ESCENA IV
(É de noite no exterior do castelo. As portas están pechadas. Segundo vai transcorrendo a escena, polo monte irán aparecendo as pantasmas de FLORALBA e do ROMEIRO.)

A VOZ DO TEMPO:
Así rematou a vida
da malpocada Floralba,
pero aínda despois da morte
as súas culpas pagara.
Disque hai unha maldición
que lle atinxe á súa alma
e á do romeiro que fixo
que ámbolos dous pecaran.

(A PANTASMA DE FLORALBA anda dando voltas arredor do castelo, como a condesa fixera na escena anterior, cando lle pedía perdón ó seu esposo.)

Disque nas noites de lúa,
noite plácida e serena,
o espírito da condesa
anda a purgar a súa pena:
vaga arredor do castelo
pedindo ó Conde clemencia.
Pero non hai quen a escoite .. .
Pero non hai quen a atenda .. .

FLORALBA (En "off,):
¡Don Fiz, don Fiz! ¡Meu amado!
¡Maldita eu que te enganei!
¡Ogallá non te enganara,
pero é tarde, ben o sei!

(A PANTASMA DO ROMEIRO sobe pola ladeira do monte, como na primeira escena, intentando chegar ó castelo, pero cando está a piques de conseguilo volve a aparecer na faldra do monte.)

Por contra, nas noites frías
chuvia, lóstregos e vento,
o sombra dun peregrino
anda pedindo sustento
pola ladeira do monte,
gabeando cara ó castelo.
Pero a piques de alcanzalo,
volve a empezar o lamento.

O ROMEIRO: (En off'):
Camiño de Compostela
vin perder a miña alma.
Agora, que é tarde, sei
que nunca poderei salvala.

A VOZ DO TEMPO:
Foi a fin dos dous amantes
que maldicidos parecen:
van vagando polo monte
condenados a non verse.
Noite clara e noite escura,
deambulando eternamente;
noite negra e noite branca,
condenados a non verse.
"A onde irá aquel romeiro,
o romeiro a onde irá.
Camiño de Compostela
non sei se alá chegará ... "

(Cae o pano)

O Bufón de El-Rei, de Vicente Risco

A obra coas verbas de amor máis intensas e apaixonadas do teatro galego

Vicente Risco, un dos nosos grandes autores da Época Nós, escribiu en 1926 *O Bufón de El-Rei*, un texto que chamou "drama en catro pasos". Cunha linguaxe moi elaborada, ricaz en imaxes e figuras retóricas que por veces recordan a Shakespeare, esta marabillosa peza teatral contén algunhas das verbas de amor máis intensas e apaixonadas escritas nunca no teatro galego. Na obra fálasenos das dificultades nas que se atopan dous amantes para conquerir a súa felicidade e, ademais, a través do personaxe do Bufón, comunícasenos como nos condiciona o nacemento nese intento tamén de alcalzala.

Imaxe da obra de Vicente Risco. Á esquerda o Rei (Gabriel Alonso), no primeiro plano o Bufón (Andrea Oya)

TEXTO

(Drama en catro pasos)

PASO PRIMEIRO

ESCENA PRIMEIRA

(NO PARQUE. Guindamor, capitán da garda do Rei, vén pola verea, levando no puño un azor encarapuchado. O Bufón, sentado nun poial de pedra, está lendo nun libro).

GUINDAMOR
Bos días nos dea Deus, Señor Bufón ... se non é imprudencia turbar o voso lecer ...

O BUFÓN
Farta cortesía malgastades cun tolo, Señor Capitán!

GUINDAMOR
Cun tolo que adica á sabencia o seu vagar.

O BUFÓN
Parvo son todo o día. Por que non hei ter uns instantes de siso? Cordo sodes vós o día enteiro, Guindamor; cómpre que agora fagades o parvo un instante. Cordo e parvo Vós, parvo e cordo eu, o Capitán e o Bufón diferéncianse no emprego que lle dan ás súas necidades: Vós Senor Capitán consagrádeslla ó azor, eu adico a miña ó Rei. Non hai outra distancia.

GUINDAMOR
O que me pasma é o voso siso.

O BUFÓN
Na Corte soamente falan asisadamente os bufóns, aínda que todo cortesán teña a súa vea de tolo e a súa miga de bufón.
GUINDAMOR
Se eu fora rei, non habíades ser o meu bufón, senón o meu físico ou o meu astrólogo.

O BUFÓN
Coidei que esas dignidades eran para os que son parvos de certo.

GUINDAMOR
Señor Bufón, as vosas razóns son sempre burlas!

O BUFÓN
Falo coa libertade de que goza a loucura no pazo dos reis. Decote cómpre acharse moi alto para ser libre.

GUINDAMOR
Falan así os vosos libros?

O BUFÓN
Pode... Nos libros amestro eu o voo da miña mente, coma vós no parque as ás do voso azor.

GUINDAMOR
Chegara meu azor a voar tan alto como a vosa mente!

O BUFÓN
Póndelle a miña monteira!

GUINDAMOR
E que libro é ese?

O BUFÓN
Non é ningunha novela de amores.

GUINDAMOR
Non importa.

O BUFÓN
Escribiu este libro o máxico Origano, e chámase: «Dos portentos naturais»
GUINDAMOR
Debe ser curioso ensino.

O BUFÓN
E de moito proveito ... E xa que vos move o vezo, escoitade: di o sabio Origano, que algunhas veces as enerxías escuras que están no fondal da natureza, as descoñecidas Matres a quen o sonado Doutor Fausto foi buscar, fan un esforzo máis poderoso do que adoitan facer, esforzo que engarabita a materia de tal xeito que a obriga a tomar figuras estrañas, alonxadas da orde natural das cousas creadas: daquela, nacen os portentos ou monstros naturais ...

Hai na natureza moitas formas portentosas que levan a realidade preto do ensoño: así os sapos, as arañas, os morcegos, os polbos, os lagartos espiñentos das terras lonxanas, fauna de pesadelo. Os homes repugnan e foxen deses seres de meigallo, porque, cando se atopan con eles, coidan que non están despertos, que andan aínda ás voltas coas pantasmas dun soño intranquilo ou da febre; desbotan do seu mundo esas figuras e cólganllas ó reino de Satanás. Por iso vemos as bruxas en compaña dos sapos e dos morcegos. Tal é o que pensa a xente parva. Mais o iniciado ben sabe que neses portentos a natureza superouse a si mesma. Os monstros son a manifestanza neste baixo mundo doutro mundo que pon medo e do que os representantes visítannos de cando en cando, naqueles instantes de febleza en que o noso ser se fai receptivo e pode enxergalos. Véñennos traer a advertencia saudable de que o de sempre deixa de ser nalgún lado o de sempre, de que cómpre estarmos á mira e abrir o noso espírito á comprensión de mundos novos.

E cando aparecen poñen medo ós homes porque o que é superior ó seu entendemento desconcértaos, e non o queren crer, e negan a realidade dos soños... Poder poden negar; o que non poden é deixar de tremeren cando o alén se achega a eles e lles impón a súa evidencia co arreguizo e o estreitamento da gorxa e o agarrotamento do pesadelo ...

(O Bufón quéntase cada vez mais e principia a berrar. Guindamor bótase para atrás asustado). Porque no pesadelo entramos nun mundo onde os pés nin as mans non serven para nada. O corpo é materia bruta, pesada, inerte ...! Guindamor, non vos ensoberbiedes da vosa fermosura. O corpo é o inimigo ... Benia á morte que nos ceiba del!

GUINDAMOR
Señor Bufón, todas as vosas razós soan a herexía e mais a burla temeraria; todo iso toca ás ciencias vedadas, ás disciplinas satánicas e malditas ...

O BUFÓN
Ide, logo, tomar auga bendita, Capitán!

GUINDAMOR
Nin lle temo ós espiritos nin ós corpos, Señor Bufón; e no intre, estou ceibe de pecado.

O BUFÓN
(Ollando para el con sorna morna). De certo? ... Pois aínda vos queda moito por saber. Co que ouvistes non se vos revelou o mistério. Se vos dixera o verdadeiro oficio dos portentos neste mundo, non habíades estar tan seguro de non tremer.
GUINDAMOR
Teño a miña fe e teño a miña espada. Abonda para que non se achegue a min o medo.
O BUFÓN
Que elas vos defendan, Señor Capitán.
GUINDAMOR
Que Deus vos garde, Señor Bufón. (Vaise).

(Segue na páx. 10)

ESCENA SEGUNDA

(O Bufón, só. Fica un pedazo lendo no libro. Despois, ergue a testa e olla para os lados)

O BUFÓN

Foise ... Nada leva el, o condenado ... Por que, por que nacería eu nun alto leito, se non podo levar a lanza nin a espada? ... Si; o monstro, o portento son eu, a creanza condenada para toda a vida, cativa, malpocada e pantasmal... Por que vin ó mundo, se eu non o pedín, e por que agora, xa aquí, son forzado a escoller entre a vida e a morte? ... Para el todos os dons, ás mancheas; para el a fermosura, a forza, a dita, a nobreza, o lucimento ... Madia leva el..? Se non houbera quen estivese á espreita, acochado na sombra, coma a cobra ponzoñosa entre as flores recendentes ...! (Pausa. Olla para o lado do castelo). Velaí vén, fermosa coma un sol, coma as roseiras floridas de rosas novas, coma as ledas risadas da primavera ... Velaí vén, coa vella alcaiota, noxenta coma un verme que estivera rillando nas follas dunha rosa ... Ela é a rosa, a rosa triunfante do xardín do Rei... Por min todo pasa un arreguizo de tristura, de vergonza e de medo, cada vez que a vexo ... (Foxe axiña e vaise acochar tras da ramallosa).

ESCENA TERCEIRA

(A Raíña Iolanda camiña dediante. Ortruda, a Azafata, que é moi vella, vén atrás dela. Falan baixiño. Paran as dúas diante do poial de pedra).

ORTRUDA

Aquí é o sitio. (A Raíña bota un salaio). Agora deixareivos.

YOLANDA

Este querer pode mais ca min, Ortruda ... Endexamais pensei ter tanta coraxe. Cegoume Guindamor, dende que aquí chegou de cabaleiro errante, e gañou aquel torneo. Cegoume, e por el douno todo, e por el son valente ... Ortruda: soamente hai unha cousa que me pon medo ...

ORTRUDA

O Bufón? ... Ese é o de menos ... É un probe tolo, e anda ademais borracho todo o día ... Cando o voso esposo e señor non o fai beber, embebédano os homes de armas e os fidalgos da garda. Cando non, bebe cos criados na cociña ...

YOLANDA

Non, non o sabes ben: non viches os seus ollos fitarme cando pensa que non o ven; relocen na escuridade coma os dos lobos ... Din ademais que é moi sabido, que non é o que pensan ....

ORTRUDA

Señora, eu deivos decote bos consellos. Grazas a min, o voso querer é un segredo que ninguén sabe, agás nós os tres. Decote vos dixen que mirásedes ben polo voso recato, e facendo o que eu digo, ninguén sospeita nin ha sospeitar nada. Dos vellos a prudencia e dos novos a coraxe. Guíese por min vosa Alteza, e non lle ha de ir mal... E non pensedes no coitado do bufón, que, coma os outros, está na neve ... Ollade, Guindamor vén aí; eu voume. (A Raíña séntase no poial. A Azafata vaise devagar).

ESCENA CUARTA

GUINDAMOR

(Chegando onda a Raíña co seu azor no puño. Achégase a ela e finca os xeonllos no chan). Raíña que reina noite e día, na miña memoria, no meu pensamento, na miña vontade...

YOLANDA

Cabaleiro da lanza invencible, que conqueriu nun día os corazóns de todo un reino, e a alma da súa raíña.

GUINDAMOR

Que conqueriu coroa de rosas, máis pesada e punxente do que a coroa de ouro dun Rei; coroa de rosas que pon máis coidado no meu corazón, decote a tremer, que o traballo de reinar; que pon máis medo na miña alma que a ameaza dos inimigos que endexamais temín.

IOLANDA: Por que tanto recelo?

GUINDAMOR: Señora, eu ámote faltando á lealdade dos meus xuramentos...

IOLANDA: Lancelote amou coma ti...

GUINDAMOR: Señora, eu ámote agardando sempre, longamente, anguriosamente, a dita que non chega...

IOLANDA: Así agardou Amadís.

GUINDAMOR: Señora, eu ámote dun xeito que soamente a morte pode encher a cobiza do meu corazón...

IOLANDA: Dese xeito amou Tristán...

GUINDAMOR: Angurioso estou coma Tristán, ansioso coma Amadís, desleal coma Lancelote...

IOLANDA: Desleal!... E non é fermoso amar dese xeito?... Eu quérote querer así, culpablemente, contra o meu deber, contra a miña conciencia, condenándome por causa túa... Eu quérote querer pecando, pecando por ti..., sen ter máis lei que a lei que che teño, sen ter máis fe que a que che xurei a ti, cando che dei hai pouco o meu anel...

GUINDAMOR: Iolanda, por ese anel que me deches, polo noso amor, pola nosa fe xurada para sempre, pola miña pena, polo meu degaro inesquecente, dime: cando vai ser a hora en que me deas o premio de tantas bágoas, de tanta inquedanza, de tantos pesares? Dimo, Iolanda!

IOLANDA: Mañá.

GUINDAMOR: Mañá?

IOLANDA: Mañá, o Rei ei ten corte na vila.

GUINDAMOR: Xa o sei; mais eu irei con el, e botaremos alá oito días...

IOLANDA: Mais pola noite, o Rei ha de ir á festa do concello... Alí, entre o rebulicio, aínda que non esteas non se han decatar... Montarás a cabalo..., non é moito camiño, e estarás aquí antes das doce da noite... Entrarás pola poterna de abaixo, que estará aberta; eu agárdote na terraza do xardín... As escaleiras están gardadas, mais ti agatuñarás pola muralla.

GUINDAMOR: Iolanda! Agora, que importa xa o xuramento e a honra, e as bágoas?... Que importa todo, cando hai amor?

IOLANDA: (Erguéndose). Abonda, Guindamor. Demoreime xa moito. Deica mañá... Virás?

GUINDAMOR: Aínda que morrera despois!

IOLANDA: Deus te garde!

GUINDAMOR: Deus cho pague! (Vaise cada un polo seu carreiro)

ESCENA QUINTA

(O BUFÓN, só. De que se foron, o Bufón sae de entre a ramallosa, saca irado a súa espada de pau, e crébaa dun golpe contra o poial de pedra. Logo, bota a correr cara ó castelo)

OUTRO CADRO

ESCENA ÚNICA

(O REl e o BUFÓN. O Rei está sentado nun sitial. Lonxe del, o Bufón esta sentado no chan).

O BUFÓN

Señor, coidei que a Alteza dos Reis achábase á cuberto de traizóns e desenganos, e penso que a falta dunha muller non debe ser dabondo para apesarar a un poderoso... Non hai deshonra que poida lixar a maxestade; a persoa do Rei é sagrada de máis para que estas cousas cheguen a el... E aínda que puidera a deshonra magoar ós monarcas, a gloria dunha vida enteira faría a vosa persoa sen mancha e lonxana de toda infamia... Píntese esta nas frontes dos que a cometeron, sen que poidan aldraxar cos seus feitos vergoñentos a quen escintila por riba de todos ... Foi infame Artús pola traizón de Xenebra e Lancelote? ... Os floróns da coroa non deixan ver os cornos, e

O REI

(Enrabechado). Ven aquí, maldito!

O BUFÓN

Ai, non vou, non Señor! ... Por que non escoitades con sosego as miñas razóns?... Dicíavos que non soamente a deshonra non pode lixar ó Rei, senón que lle dá ocasión de que resplandeza a súa maxestade facendo unha exemplar e tremenda xustiza ... O sangue non hai lixo que non lave; o castigo desfai o crime; o que cumpre a súa vinganza, escintila coma o ouro ... E ademais, quen ía ousar aldraxarvos de fronte e por adiante? ... Só por detrás chaman ó Rei cornudo ...

O REI

Ti, maldito bufón, coitado, escaravello noxento, ti me aldraxas, ti mas dis na cara!

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco (por orde de intervención):

Presentador..... CARLOS FERNÁNDEZ (1º BACH.-B)

Guindamor ..... MODESTO ALEJANDRO IGLESIAS (1º BACH.-B), NOEMÍ CALZADO (1ºBACH.-A)

Bufón ..... MÓNICA LÓPEZ (1ºBACH.-A), MARTA MARTÍNEZ (1ºBACH.-B), CARLA BALADO (1ºBACH.-A), ANDREA OYA (1ºBACH.-A), ANA BELÉN ESTÉVEZ (1ºBACH.-A)

Ortruda ..... ANDREA ROMERO (1º BACH.-B), LORELAI CHAPELA (1º BACH.-B)

Iolanda ..... ALBA LEDO (1º BACH-B)

Rei ..... GABRIEL ALONSO (1ºBACH.-A)

Carcereiro ..... MOISÉS GRAÑA (1ºBACH.-A)

Música ..... Asturias, de Isaac Albéniz, arranxado para orquestra por Javier Navarrete para a película *Mirrors*, de Alexandre Aja.

Atrezzo (azor) ..... Cristina G. Treceño

Decorado ..... Alumnado de 1 FPB Comercio: Álvaro Fraile, Esteban Martínez, Miguel Ángel Miguez, Joel Mojón, Javier Ramírez, Sergio Sierpes

(Coordinación: Elena Martínez)

Vestiario ..... *Don Disfraz, Disfrazzes* e familias dos estudantes

(Coordinación: Virxinia Calviño)

Máscara para o Bufón (arranxos) ... Fina Álvarez e Antonio Cos

Técnicos de Escena..... Alfonso Alonso e Rosa Pereira

Pano..... Tatiana Paola Soubirón

Coordinación e adaptación do texto ..... Delio García



Presenta a obra o alumno Carlos Fernández

Diálogo entre Guindamor (Modesto Iglesias) e o Bufón (Mónica López)

O Bufón: "Nos libros amestro eu o voo da miña mente, coma vós no parque as ás do voso azor"

Monólogo do Bufón (agora Marta Martínez): "O monstro son eu. Por que vin ao mundo se eu non o pedín?"

Á esquerda, a raíña Iolanda (Alba Ledo) recibindo os consellos da súa "azafata" Ortruda (Andrea Romero): "Dos vellos a prudencia e dos novos a coraxe. Guíese por min e non pensedes no coitado do bufón, que coma os outros, está na neve".

Mais en realidade o Bufón estaas axexando. El está namorado de Iolanda pero sabe que non pode aspirar ao seu amor, por iso sente envexa de Guindamor: "Para el todos os dons, ás mancheas; para el a fermosura, a forza, a dita, a nobreza, o lucimento...".

A raíña Iolanda e mais o cabaleiro Guindamor manteñen unha relación amorosa en secreto:
"-Señora, eu ámote faltando á lealdade dos meus xuramentos.
-Lancelote amou coma ti".

Iolanda: "Eu quérote querer pecando, pecando por ti..., sen ter máis lei que a lei que che teño, sen ter máis fe que a que che xuro a ti, agora que che dou o meu anel"

O Bufón (agora Andrea Oya) cóntalle todo ao rei, que escoita pensando na vinganza: "Peor sería que os inimigos vos pillaran unha provincia. Para que quere o corazón un Rei? ... O amor e o gozo, para os simples mortais; para o Rei, os negocios do Estado".

O Rei (Gabriel Alonso): "Mañá pola noite viremos da vila e pillarémolos. E farei xustiza sen que ninguén se decate"

Chegou a noite do encontro amoroso e as verbas de amor que Vicente Risco pon nos beizos de Guindamor resultan fermosísimas:

"A lúa vístese de prata, miña Raíña, envólvete nun veo de noiva! Bótame os teus cabelos como a princesa prisioneira dun xigante, e que eles sexan a miña escada para chegar onda ti! Que outra escada para rubir á dita dos teus brazos, Iolanda?... Mais non, que sangren as miñas mans e os meus pés, e que eu merque a dita coa miña dor!

O BUFÓN
Bo!, que ía ser de vós sen min, Señor? Máis vos vale o meu consello que non as miñas brincadeiras, e máis estou onda vós por cordo que non por tolo. Ben sei que non hei ser das vítimas neste choio. Non podería o Rei seguir levando a palma e o proveito do enxeño do bufón ... Pensades, Señor, que a min me enganaría a miña muller.
O REI
Non, porque nin tes muller, nin podes tela ... Quen che ía querer a ti?
O BUFÓN
Sempre desprecei a muller. Considereina indigna de quererme. A muller é unha besta descarada e mol, covarde e nugallá. A muller vive só cos sensos; ten ollos, ouvido e tacto; non ten miolos nin corazón. Entretense con lilailas coma os nenos. Un Rei e mais un Bufón son cousas serias de máis para elas ... Os Reis non deben amar ... Para que quere o corazón un Rei? ... O amor e o gozo, para os simples mortais; para o Rei, os negocios do Estado... E para o Bufón? ... Lástima!... Iolanda era un fermoso ornamento da corte e mais do pazo, máis belo que a estatua que hai onda o trono, a man dereita ... Bo! Peor sería que os inimigos vos pillaran unha provincia ... Ai, Señor, el cantas veces tendes enganado a vosa muller? ... Ha de haber tantas que degaren deitarse no leito esculpido das cortinas de brocado!... Se eu fora muller, había casar cun Rei e habíalle ser fiel ata a morte ... Se Iolanda tivera a alma do Bufón... Que dicides, Señor?
O REI
(Erguéndose de súpeto). Digo que mañá pola noite viremos da vila eu e mais ti, soíños os dous, colleremos aquí catro dos de máis fianza, e pillarémolos. E farei xustiza sen que ninguén se decate. Vaite! (O Bufón érguese, fai a reverencia e vaise).
Cae o pano

PASO SEGUNDO
ESCENA PRIMEIRA

(A Raíña e a Azafata. É de noite. Aparecen a Raíña e mais a Azafata andando paseniño).
A RAÍÑA
Ouviches Ortruda?
ORTRUDA
O que, miña Señora?
A RAÍÑA
Alguén rebuliu, preto, aló na porta do camiño de ronda!
ORTRUDA
Non pode ser; non vén o perigo por ese lado.
A RAÍÑA
Soaron unhas pasadas moi caladiñas.
ORTRUDA
Sería o aire nas árbores do parque, os pasos lonxanos da sentinela, quizais as pasadas do Señor Guindamor na area do carreiro.
A RAÍÑA
Teño medo esta noite, Ortruda. Coido ver por todos lados ollos que me abesullan, pasos dunha pantasma invisible que anda atrás de min, que cheira o meu rastro... Non oes?
ORTRUDA
Nada, miña Raíña.
A RAÍÑA
(Baixiño) Os axóuxeres!
ORTRUDA
Ilusión, Señora!, Arestora o bufón dorme a chispa no seu burato ... O Rei vai na vila. Ninguén sospeita. Non teñades medo! Eu vixiarei as escaleiras do patio. Guindamor non pode tardar. Ánimos!
A RAÍÑA
Ortruda, Ortruda, estou sen acougo. Xa sei que son vans temores, mais me non podo tranquilizar. Me non deixes deica que el veña.
ORTRUDA
Eu estou alá, nas escaleiras. Non me hei arredar dos primeiros pasos. Non teñades medo. (Vaise).

PASO SEGUNDO – ESCENA SEGUNDA

(A Raiña inclínase na varanda e mira ansiosa cara ó parque. Hai un longo silencio).
A VOZ DE GUINDAMOR: Iolanda!
A RAÍÑA: Guindamor!
A VOZ DE GUINDAMOR: A lúa vístese de prata, miña Raíña, envólvete nun veo de noiva! Bótame os teus cabelos como a princesa prisioneira dun xigante, e que eles sexan a miña escada para chegar onda ti!
A RAÍÑA: Guindamor!
A VOZ DE GUINDAMOR: Que outra escada para rubir á dita dos teus brazos, Iolanda?... Mais non, que sangren as miñas mans e os meus pés, e que eu merque a dita coa miña dor!
A RAÍÑA: Guindamor!
GUINDAMOR: (Aparecendo do outro lado da varanda) Iolanda! (Abrázanse apaixonadamente. Guindamor fica dentro da terraza). Iolanda, ti toda estás por fin nos meus brazos: o teu bico, os teus cabelos, os teus ollos..., para facelos meus para sempre, para sempre, para sempre...!
IOLANDA: Ouh, Guindamor, ten coraxe deica a fin; lévame de aquí, andemos acocharnos moi lonxe, cos piratas das illas cubertas de brétema... Eu teño moito medo aquí...
GUINDAMOR: Iolanda, meu amor, desbota os teus temores... Agora tremes ti, cando o meu corazón está cheo de dita. Xa nada temo, e soamente para ti, para o meu amor, vivo. Non dicías que era a dita túa, a túa ledicia, condenarte nos meus brazos?... Pois ben, eu amaría a morte nos teus brazos... E se agora nos viñeran sorprender, se agora nos matasen, Iolanda, ti nos meus brazos, teu peito no meu peito, teus beizos nos meus, e o noso amor eternizado pola morte, non sería o gran triunfo, non sería a gran dita, Iolanda?
IOLANDA: Si, Guindamor; mais fuxir lonxe, moi lonxe, acochar o noso amor ós ollos de todos, que fora só para nós os dous... Morrer, si; mais morrer de dita, de ledicia, de gozo, ou de que fora tan grande o noso degaro que non houbera xa cariño nin arroubamento para satisfacelo... Sabes, Guindamor? O meu amor é xa así... Ai, se ti o sentiras deste xeito, se o sentiras así tamén!
GUINDAMOR: Iolanda: esta é a noite suprema, a noite única. A lúa bota riba de nós os seus cendais, e infúndenos o delirio envolvéndonos na súa casta e fría luz de prata... Sinto como alentas, como tremes, como o teu corazón latexa arelante como unha pomba ferida, que estivera morrendo de amor... Adiviña logo a miña loucura. O misterio rompeu... Esta debera ser a derradeira noite.
IOLANDA: (Nun desmaio de arroubamento) Guindamor! (Óse ruído de armas, voces e pasos. De súpeto, entran na escena O Rei, catro homes armados e o Bufón que leva na man unha facha acesa).

ESCENA TERCEIRA

O REI
Agarrádeo ben. Atádeo de pés e mans. (Os homes de armas bótanse riba de Guindamor, e no chan, amárrano con cordas. A Raíña cae de xeonllos ós pés do Rei, que a colle brutalmente por un brazo, e lévaa de arrastro atrás dos homes de armas que levan a Guindamor atado de pés e mans. Aparece Ortruda andando de xeonllos atrás do Rei. O Bufón aluma caladamente a escena).
ORTRUDA
Señor! ... Señor!... (Van desaparecendo. O Bufón entrégalle a facha acesa a un dos homes de armas, e fica só na terraza cos brazos cruzados e o manteu de arrastro ...)

ESCENA CUARTA

O BUFÓN, SÓ. O Bufón ergue os brazos e vólveos deixar caír ó longo do corpo
O BUFÓN
Alá vai todo!... Ouh, a cobra acochada entre a ramallosa, entre as roseiras floridas! A salamántiga ponzoñosa!... Maldito, maldito. bufón (Bota unha gargallada que dura moito tempo. Despois saca un laúde de debaixo do manteu. Paseniñamentes achégase á varanda, séntase nela, colle o laúde e ponse a temperalo.)

PASO TERCEIRO
ESCENA ÚNECA

NO IN-PACE (GUINDAMOR. A VOZ DO CARCEREIRO. O BUFÓN. Guindamor está encadeado, deitado nunha morea de palla. Óese ruido dos ferrollos e das chaves, e dúas voces que falan fóra).
A VOZ DO BUFÓN
Non che ha pesar obedecerme. Xa sabes que eu son aquí o dono.
A VOZ DO CARCEREIRO
Polo si ou polo non, a túa cabeza respóndeme de que me non descobren, porque eu irei, mais ir, vas ti dediante aínda que a ti te perdoen; xa o sabes!
A VOZ DO BUFÓN
Perde coidado. E has saber, por se non o sabes, que tamén eu son home de palabra.
A VOZ DO CARCEREIRO
Mira ben o que fas.
A VOZ DO BUFÓN
Está dito. (Ábrese a porta e entra o Bufón. Atrás del volven correr os ferrollos).
O BUFÓN
(Crava a facha, que trae acesa, nun ferro da parede): Boas noites, Señor Capitán.
GUINDAMOR
Nos deu Deus. (Pausa).
O BUFÓN
Velaquí, Señor Capitán, o voso derradeiro amigo, que vos vén facer compaña deica mañá, que vos entregará nos brazos da morte.
GUINDAMOR
Deus volo pague. Ha vir a morte xa pola mañá?
O BUFÓN
Cómpre rematar axiña este choio, que fai ó Rei, noso señor, moito pesar. Cumprirase o vello costume. O verdugo mutilaravos e arrincaravos a pelexa do lombo. Logo, ataranvos polos pés ó rabo dun cabalo salvaxe, e levaranvos de arrastro por un agro recén segado. Despois, que morto que vivo, queimarán voso corpo nas brasas. As vosas cinzas botaranas no esterco.
GUINDA MOR
É xustiza. De todo son merecente. Fun desleal e traidor ó meu Rei.
O BUFÓN
(Un pouco espantado). E profanador do seu leito ...
GUINDAMOR
É certo; merezo a xustiza que han facer comigo.
O BUFÓN
Guindamor, toda a vida foi de rosas para vós, mais atrás das roseiras acóchanse as cobras ponzoñosas, e ás veces, as cobras morden ... Agora, coa morte diante, o misterio vaise amosar ... Guindamor, toda a vosa vida foi de rosas... Outro coñecín coma vós, e hai moito tempo que o tiña esquecido. Eu fun quen o perdeu como agora vos perdín a vós, Guindamor. Eu fun, Guindamor, eu fun quen vos descubriu, quen vos perseguiu, quen axexou noite e día atrás de vós, atrás de Iolanda para vos pillar no allo; eu fun quen levou ó Rei da man para que vos atrapara e vos botara a pouta de ferro... Guindamor, toda a vosa vida foi de rosas, mais eu, o Bufón, o monstro, o portento, eu fun o vencedor!
GUINDAMOR
Xa o sei, Señor Bufón; xa o sei, e perdóovos para que Deus me perdoe a min.
O BUFÓN
(Espantado). Perdoádesme?
GUINDAMOR
Eu son quen precisa perdón.
O BUFÓN
Non haberá perdón para vós ...
GUINDAMOR
Perdón, da xustiza, non. Eu quero somentes que Deus me perdoe ... Vin aquí, pobre cabaleiro errante, sen máis haber que o meu cabalo e as miñas armas. Vencín nun famoso torneo, a xente aclamoume e o premioume ás manscheas: sentoume na táboa onda el, fíxome capitán da súa garda, fioume a súa persoa e a súa seguranza; deume mantenza e feudo e solar ... E eu pagueille con felonía e traizón. Fun máis felón que Xudas, e merezo a morte infame, a punición

A romántica escena trónzase coa inesperada chegada do Rei. Guindamor é detido: "Agarrádeo ben. Atádeo de pés e mans"

Ortruda e o carcereiro (Moisés Graña) falan da situación anímica na que se atopan Iolanda e Guindamor



Guindamor (agora Noemí Calzado) preso na cadea

O Bufón (agora Ana Belén Estévez) consegue entrar na cela e recréase lembrándolle a Guindamor o sufrimento que lle agarda: "O verdugo mutilaravos e arrincaravos a pelexa do lombo". E dille satisfeito:"Toda a vosa vida foi de rosas, mais eu, o Bufón, o monstro, o portento, eu fun o vencedor"

Con todo, a historia dá un xiro inesperado cando, malia saber que o bufón foi que o descubriu, Guindamor perdóao. Nese intre, o Bufón sente que desexa aproveitar a oportunidade para se redimir.

Guindamor pídelle que lle volva o anel a Iolanda, sen que o rei o saiba, e o Bufón acepta

Ortruda (Agora Lorelai Chapela) mantén unha longa conversa con bufón e cóntalle que sabe moito da súa historia familiar: el era un dos dous fillos do duque de Kerganor pero este botouno da casa cando soubo que lle dera ao seu outro irmán un bebedizo e o vendera a uns títeres.

O Bufón leva as mans á cabeza cando Ortruda lle di que ese irmán, que co bebedizo esquecera o seu nome e a súa terra e a súa xente, mais non as artes da cabalería, viñera había tempo ao reino no que estaban e chamábase Guindamor

E dille: "Mais agora, Ortruda, agora el perdoaume; deume un anel que lle dera Iolanda, para que llo volvera, e aquí llo veño traer, correndo o risco de que o Rei o saiba e me mande tamén matar".

Mais nese intre chega Iolanda, que amosa o seu desprezo polo Bufón. Este, en vista de que, por máis que o intentou, non lle deixan ser outra cousa que malvado, chega a dicir: Desprezado fun toda a vida para que agora me firan as vosas aldraxes! Canto a vós, Iolanda, morreredes dunha doenza estraña de aquí a un día ou dous. Vós, Ortruda, pediredes esmola polas rúas da vila, polos carreiros e nas portas das igrexas ... Abofé que a vinganza é digna dun Kerganor.

Derradeira escena da obra. En vista das palabras do Bufón, Iolanda exclama: "Golod! Golod! Colle a este maldito e bótao da torre abaixo. Que volva para o inferno de onde saíu!"

segundo o vello costume. Vós, Señor Bufón, fostes un leal amigo do Rei, cumpristes coma bon vasalo.
O BUFÓN
Fostes traidor coma Xudas, mais agora falades coma cabaleiro.
GUINDAMOR
O querer cegoume a concencia, e pequei; agora, pola misericordia de Deus, vexo ben o meu erro. E soamentes pido ó Noso Señor que teña en conta a morte espantosa que vou levar, para me dar o perdón da miña inmensa culpa.
O BUFÓN
Mais Guindamor, perdóasme a min? .. Mira que eu non che entreguei por lealdade ó Rei, mais por odio, por envexa, por vinganza; por me vingar de seres ti fermoso e forte e de sonados feitos! ... Foi por iso, Guindamor!. .. Non me condenas?
GUINDAMOR
Soamente teño compaixón por ti... Noutro tempo asombreime do teu siso e da túa sabencia
O BUFÓN
(Saloucando). A túa man, Guindamor, a túa man en proba de perdón e de esquecemento!
GUINDA MOR
(Dándolle a man). Aquí a tes.
O BUFÓN
Grazas, Guindamor.
GUINDAMOR
Agora, pódoche pregar unha mercede?
O BUFÓN
Todo, a miña vida, se a queres.
GUINDAMOR

Aquí tes este anel: deumo Iolanda en proba do noso amor traizoeiro... Agora, todo finou. Quero que llo volvas... Se cadra, o non telo na man pona en máis ruín trance diante do Rei. .. Ti podes facer que volva a ela; para ti todas as portas están abertas. O Rei ten posta en ti toda a fianza ... Lévallo! O carcereiro é da túa devoción e deixarate pasar como entraches aquí... Fai ó teu pobre amigo Guindamor este derradeiro servizo!
O BUFÓN
(Collendo o anel). Voullo levar ... (Coa voz tremante). Adeus, Guindamor!
GUINDAMOR
Adeus para sempre! (O Bufón peta coa man na porta, e volven desferrollar para abrila)...
Cae pano

PASO CUARTO
ESCENA PIRMEIRA

(NA TORRE. ORTRUDA, O CARCEREIRO. Están sentados nun escano, e falan baixiño, coma para non despertar a algún que dorme)
O CARCEREIRO
Malpocadiña! ... E ela está doente, non si?
ORTRUDA
Debruzada no leito, non fai máis que chorar.
O CARCEREIRO
O Señor Guindamor, en troques, non dá fala. Deitouse na palla e non rebule ...
ORTRUDA
Que noite!
O CARCEREIRO
E ela sabe a sorte que lle agarda ó Señor Guindamor?
ORTRUDA
Sospeita... O que a min me arrepía é non sabermos o que lle agarda a ela... e mais a min (Petan na porta).
O CARCEREIRO
(Á parte). Si será o tolo outra vez!
ORTRUDA
Quen será?
O CARCEREIRO
Vou ver. (Érguese e vai abrir a porta. Logo de abrila, sae e fica uns instantes fóra. Ortruda fica queda e calada. A pouco, o Carcereiro volve a entrar, pechando outra vez a porta).
O CARCEREIRO
O Bufón pide ver á Raíña, Señora Ortruda. Que lle digo?
ORTRUDA
O maldito?
O CARCEREIRO
Di que trae unha mensaxe secreta do Señor Guindamor.
ORTRUDA
Non importa. A señora non debe velo.
O CARCEREIRO
E mais ...
ORTRUDA
Non me atrevo a dicirllo...
O CARCEREIRO
E se fora cousa que viñera ben?... Sendo cousa del...
ORTRUDA
É certo, vou. (Érguese Ortruda e vai á estancia onde está a Raíña).

ESCENA SEGUNDA

(O CARCEREIRO. DESPOIS ORTRUDA. LOGO O BUFÓN. O Carcereiro fica unha miga agardando. Por fin vén Ortruda).
ORTRUDA
Non o quere ver; di que o reciba eu ... Ide dicirllo ...
O CARCEREIRO
El quería falar á Raíña, mais von ver.
(Sae de novo e volve entrar co Bufón. De cada vez, corre os ferrollos).
ORTRUDA
(Adiantándose, alteirosa cara o Bufón). Quen vindes buscar aquí?
O BUFÓN
(Facendo a reverencia). Cómpre que eu fale coa Raíña.
ORTRUDA
A Señora Iolanda non falará convosco.
O BUFÓN
(Baixo a Ortruda). Traio unha mensaxe secreta do Señor Guindamor.
ORTRUDA
(Acena coa cabeza para o Carcereiro, e o Carcereiro vaise). A Señora Iolanda ordena que me deades a min esa mensaxe.
O BUFÓN
Mais eu non o podo dar máis que a ela

ESCENA TERCEIRA

ORTRUDA
Sosegade, e falemos un pouco... Sentádevos aquí no escano, á miña beira, e fitádeme ben ... Así. (O Bufón, un pouco amedrentado, séntase onda a vella azafata)... A Señora Ortruda ten xa moitos anos ... Ten visto nacer moitos reis e morrer moitos bufóns. Sabe unha chea de historias vellas que outros teñen xa esquecido; sabe todas as parentelas, as vodas, as herdanzas, os feudos, os brasóns, os motes e as divisas de catro ou cinco reinos ... Sempre é proveitoso falar con quen tanto sabe, Señor Bufón (Pausa). Estás satisfeito da túa obra, Duque de Kerganor? (O Bufón érguese arrepiado). Tes medo, Duque de Kerganor?
O BUFÓN
Por que me dades ese nome?
ORTRUDA
É o teu!
O BUFÓN
Si, Galehaut de Kerganor, mais por que o sabes ti?
ORTRUDA
O vello Duque Lisuarte de Kerganor tivo dous tillos: Galehaut e Tintagil. O pirmeiro era doente: xorobado, trenco, torto para un lado, feo, nin podía montar dacabalo coma os homes, nin podía coas armas, nin podía manexar a lanza nin a espada ... Tal era o herdeiro de Kerganor: un duque que na súa vida sería cabaleiro. O vello Lisuarte, daquela, matinou o modo de facer seu herdeiro a Tintagil. Tintagil era fermoso coma un buxo e deprendeu que daba groria todas as artes da cabalería. O seu corazón era tamén nobre e xeneroso ... Inda eran os dous rapaces de doce ou trece anos, e Tintagil era xa un perfecto escudeiro, namentres que Galehaut era xa sabedor de todas as malas artes. Cheirou Galehaut o que seu pai se propuña, e un día, axudado de dous servidores, achándose fóra o duque Lisuarte, deulle a Tintagil un bebedizo, e despois vendeullo a uns títeres que pasaban por Kerganor... Mais Lisuarte, cando voltou, e soubo o que pasara, maldiciu e desherdou a Galehaut e botouno da casa. Lisuarte morreu de alí a pouco de pena. Galehaut, baixando e baixando, chegou a ser bufón do Rei... Non é certo o que eu digo?
O BUFÓN
É.
ORTRUDA
Agora, Galehaut, vouche contar o que ti non sabes ... Escoita: os títeres que mercaron a Tintagil de Kerganor, vendido por ti, seu irmán, correron moita terra e visitaron moitos reinos. Co bebedizo que ti lle deras, Tintagil esquecera o seu nome e a súa terra e a súa xente. Mais non esquecera as artes da cabalería. Era tan fermoso, que un fidalgo estranxeiro que non tiña fillos, mercoullo ós títeres por moitas moedas de ouro, e tívoo coma seu fillo, e fíxoo armar cabaleiro. E logo Guindamor foi buscar fortuna como cabaleiro errante
O BUFÓN
Guindamor!Chamábase Guindamor!
ORTRUDA
Aquí chamábanlle Guindamor, mais o seu nome verdadeiro era Tintagil de Kerganor.
O BUFÓN
(Tapando a cara coas mans). Era meu irmán
ORTRUDA
Era teu irmán. (Hai un longo silencio).
ORTRUDA -
Xa o sabes, Galehaut; pódeste recrear na túa obra!
O BUFÓN
Xa o sei, Ortruda, non quero que contes máis; fun un malvado, fun traidor a todos os sentimentos dos homes; mais, son eu tan sequera un home, Ortruda? Algunhas? Algunha vez coidei ser máis!
ORTRUDA
Soberbio, aínda!
O BUFÓN
Nacín nun alto leito, véxome arrastrado coma as bestas!
ORTRUDA
Coma as bestas ponzoñosas.
O BUFÓN
Coma besta ponzoñosa; mais agora, Ortruda, agora el perdooume; deume un anel que lle dera Iolanda, para que llo volvera, e aquí llo veño traer, correndo o risco de que o Rei o saiba e me mande tamén matar ... Ogallá!... Aquí traio o anel, deixádeme cumprir a súa derradeira vontade!
ORTRUDA
Preguntareille... (Érguese para ir onda a Raíña).

ESCENA CUARTA

(Ábrese a porta de adentro, e aparece a Raíña pálida, desencaixada, esguedellada)
A RAÍÑA
(Estende a man para calmar a Ortruda e mais o Bufón, que están asustados). Abonda, xa o sei todo ... (O Bufón cae de xeonllos diante dela). Ortruda, sácalle o anel a este home! (O Bufón dalle o anel á Azafata, que llo entrega á Raiña). E agora, que se marche!
O BUFÓN
(Erguéndose) Raíña Iolanda! Eu vin aquí, humildoso e arrepentido, cumprir a derradeira vontade do que vai morrer por vós! ... Nada vos debo! Desprezado fun toda a vida para que agora me firan as vosas aldraxes! ... Raíña Iolanda! O duque Galehaut de Kerganor amouvos coma ningún outro pode amar neste mundo. De feo puña medo miralo, e era bufón do Rei. Outro aventureiro triunfou no voso querer, e fíxovos faltar á fe xurada no altar. Mais o bufón vingouse ... Mañá, o cadáver martirizado de Gindamor queimarase ó lume das brasas, e as súas cinzas irán á esterqueira. Canto a vós, Iolanda, morreredes dunha doenza estraña de aquí a un día ou dous. Vós, Ortruda, pediredes esmola polas rúas da vila, polos carreiros e nas portas das igrexas ... Abofé que a vinganza é digna dun Kerganor.
A RAÍÑA
(Petando na porta de fóra) Golod! Golod!
(Soan uns ferrollos e entra o Carcereiro)

ESCENA DERRADEIRA

O CARCEREIRO
Que manda a miña Señora?
A RAÍÑA
Colle a este maldito e bótao da torre abaixo. Que volva para o inferno de onde saíu!
(O Carcereiro agarra o Bufón, e guinda con el pola fiestra).

Cae o pano

Do texto escrito ao texto fílmico

Unha experiencia docente que mereceu (moito) a pena

Traemos a estas páxinas unha tarefa simple pero moi didáctica que levamos a cabo hai uns oito anos no instituto das Neves. O obxectivo do proxecto era permitirlle ao alumnado vivir a experiencia de trasladar a unha dimensión audiovisual as súas propias producións escritas.

Eu era profesor da materia optativa de Técnicas de Expresión Escrita para o grupo de 4º da ESO. Pasabamos as clases entre escritos e máis escritos que creabamos e traballabamos coa finalidade de aprender as técnicas básicas que definen os xéneros e os tipos de textos máis habituais. Aínda que con ganas de aprender, con actividades de variada natureza e con moi boa creatividade por parte do alumnado, as faltas de ortografía e os erros de expresión acababan por afectar a motivación e provocar un sentimento pendular entre a desgana e o divertimento, segundo os días.

Chegado o terceiro trimestre, decidimos dar un paso máis nas clases e realizar unha tarefa que rompese coa rutina e servise de motivación e pulo final de curso: elaborar un texto de carácter audiovisual que implicase a todo o alumnado e que supuxese coñecer todo o proceso completo. Por decisión do grupo, optamos por realizar un informativo a imitación dos telexornais que vemos a diario en televisión, con publicidade incorporada. Decidimos denominar esta aventura Aplicación práctica sobre os subxéneros narrativos. Proxecto "Do texto escrito ao texto fílmico".



Imaxe da entrada do DVD editado

Para iso, foi necesario que, por grupos, se pensasen, redactasen e elaborasen un conxunto de textos candidatos a seren levados á pantalla. Os subxéneros que finalmente conformarían o telexornal serían os seguintes: anuncio publicitario (Diego, Adrián e David), informe meteorolóxico (Estefanía), sección de deportes (Manuel e Marta) e sección de entrevista (Bruno e Isaac). Puxémonos ao traballo. Distribuímos os papeis e programamos o proceso. Creamos unha produtora audiovisual, que denominamos *Vagalume Productions*. Dedicamos as horas de clase a elaborar os textos, a convertelos en guións de televisión e a buscar localizacións no centro que nos permitisen levar a cabo o traballo: aulas, laboratorios, salón de actos, exteriores, etc. Cámara en man e non sen dificultades, fixéronse finalmente as gravacións.

O resultado, unha vez editado, foron 22 minutos totais de gravación directa de vídeo co seu propio audio (dramatización). Editouse e distribuíuse en soporte DVD entre o alumnado.

Se teño ocasión, espero repetir esta experiencia. Os resultados foron moi positivos en todos os aspectos. Resulta unha actividade de gran potencial didáctico e dunha enorme capacidade motivadora que acada un elevado nivel de aprendizaxe e significación no alumnado. Os distintos procesos permitiron despregar toda a gama de coñecementos que se foran adquirindo previamente nas clases, canto á ortografía, gramática, léxico, estilos, importancia do medio e a mensaxe, etc. Ademais, foi posible incorporar sobre a marcha outras competencias vinculadas coa expresión oral e corporal, coa interpretación, a improvisación, a linguaxe audiovisual e multimedia, etc.

Lembro esta vivencia dunha forma moi especial, e cónstame que o alumnado tamén mantén un bo recordo das sesións. Estou seguro de que en máis dunha ocasión comentaron a experiencia e volveron ver os vídeos con moita satisfacción polos resultados obtidos.

Presentamos a continuación unha mostra do traballo realizado nas imaxes que se acompañan. Trátase de capturas de pantalla do DVD elaborado. Hai que dicir que a parte que máis éxito tivo foi a das tomas falsas…

Eloi Gestido de la Torre
Departamento de Lingua Galega e Literatura



Anuncio publicitario

O tempo

Deportes

Entrevista a unha traballadora do campo

Proxecto audiovisual "Clips and post-it notes"

Empregando como linguas de traballo o inglés e mais o galego, o Departamento de inglés puxo en marcha o proxecto "Clips and post-it notes" en 1º do Ciclo Medio de Xestión Administrativa. O obxectivo perseguido é mellorar a competencia lingüística, especialmente a nivel oral. O se que fixo foi elaborar microvídeos para ensaiar situacións laborais, partindo de guións que creou o alumnado. O fío condutor era o rumor de que de xeito inminente habería despedimentos na empresa, o que provocaba situacións de desconfianza entre as compañeiras e os compañeiros de traballo. Este argumento deu pé a que se recrearan diversas situacións relacionadas co mundo laboral, tales como conversas telefónicas, entrevistas de traballo ou mesmo un vídeo-curriculum. No seguinte sitio web podedes ampliar a información: https://educacionetic.wordpress.com/

Olga Lalín, Departamento de Inglés

Malala Yousafzai (Jesica Mosquera)

Concepción Arenal (Sara Pérez)

Rita Levi-Montalcini (Ainara Márquez)

Margaret Sanger (Andrea Oya)

Téano (Andrea Fernández)

María Casares (Ghizlane Rizki)

Safo (Lucía García)

Gae Aulenti (Mª José Prado)

Wangari Maathai (Noemí Calzado)

Agnodice (Liceth Rodríguez)

Artemisia Gentileschi (Mª Carolina Gil)

Rosalía de Castro (María Gómez)

Á dereita, imaxe da actuación dun dos grupos de mulleres nunha aula de Tecnoloxía do IES Ribeira do Louro.

Á esquerda, fotografía da alumna Clara Lorenzo, no seu monólogo de Marie Curie, nunha actuación que tivo lugar no Centro Cultural do Porriño.

Juana Inés de la Cruz (Iria Coto)

VINTE E DOUS MONÓLOGOS PARA O DÍA DA MULLER

A actividade que como cada 8 de marzo organiza o noso instituto, baixo a coordinación de Virxinia Calviño, superou no ano 2015 todas as previsións en canto a número de participantes: vinte e dúas alumnas deron voz a outras tantas figuras femininas que salientaron en diversas disciplinas do saber ou que traballaron activamente para melloraren as condicións de vida do ser humano no planeta. Como cada curso incorporamos novos persoeiros, por exemplo, a intelectual anarquista Emma Goldman ou a filósofa política Hannah Arendt.

Federica Montseny (Monica López)

Helen Keller (Sara Gómez)

Hipatia de Alexandría (Carla Balado)

EMMA GOLDMAN *(Andrea Romero)*

Bos días. Chámome Emma Goldman, nacín en 1869 en Lituania, cando este país pertencía a Rusia, e chegueime a converter nunha das principais dirixentes do movemento anarquista nos Estados Unidos. Aquí consideráronme durante máis de 30 anos como inimigo público número un, pero non por cometer actos violentos, senón por empregar a arma máis perigosa que está ao alcance de todo ser humano: a razón.

Fun unha brillante alumna de primaria, pero meu pai, home violento e que maltrataba a miña nai (o que era perfectamente legal na lexislación tsarista), non me deixou estudar a secundaria. Aínda lembro como nunha ocasión me berrou: "As mulleres non teñen por que saber demasiado, só deben saber preparar un bo prato de peixe, cortar ben os tallaríns e darlle ao home moitos fillos". Rexeitei o casamento que me quixo impor meu pai e con 17 anos emigrei a Estados Unidos. Ingresei nunha fábrica téxtil e uninme ao movemento libertario. Consideráronme unha aguda e apaixonada oradora. Denunciei as inxustizas laborais, defendín a independencia e emancipación económica da muller respecto dos homes, o dereito a información sobre planificación familiar e métodos anticonceptivos, e fun a primeira revolucionaria que cheguei a asumir a defensa dos homosexuais. Detivéronme unhas poucas de veces, como cando expuxen as miñas convicciónns pacifistas durante a I Guerra Mundial e animei a xente á insubmisión e a que se negase a ir ao exército, que era algo obrigatorio. En 1920 fun expulsada dos Estados Unidos.

Colaborei co gobernó español republicano en Londres e Madrid, durante a Guerra Civil española de 1936, pero a derrota da revolución e da República Española deprimíronme moito. Finei en Canadá en 1940, pero os meus restos están na actualidade en Chicago e alí pódese ler este epitafio: "A liberdade non descenderá ata o pobo, é o pobo quen debe ascender cara a liberdade".

HANNAH ARENDT *(Alba Ledo)*

Bos días. Chámome Hannah Arendt, nacín en Hannover (Alemaña) en 1906 e fun unha das máis importantes filósofas políticas do século XX.

Na universidade de Heidelberg obtiven o doutoramento en filosofía. Xa en 1933, coa subida de Hitler ao poder, defendín a postura de que debía loitarse activamente contra o réxime nazi e expresei o meu desprezo pola adaptación ao novo réxime da maioría dos intelectuais alemáns, algúns deles mesmo de orixe xudía, coma min. Exilieime en París, de onde tamén tiven que fuxir en 1940, establecéndome en Nova York.

Traballei en diversas universidades, ensinei teoría política e colaborei para varios xornais. De abril a xuño de 1961 asistín como reporteira da revista The New Yorker ao proceso contra o oficial das SS nazi Adolf Eichmann en Xerusalén e escribín un libro que deu moito que falar. Nel abordei o concepto da "banalidade do mal" para referirme ao feito de que para realizar unha mala acción non é preciso ser un malvado, o mal pode ser obra da xente común, daquelas que renuncian a pensar para abandonarse á corrente do seu tempo. Lamentablemente é moi doado convencer as persoas para que realicen unha mala acción e sometan as súas crenzas morais a un reaxuste. Mesmo o totalitarismo, que repousa en gran medida na violencia, necesita o apoio de moitos.

En 1975, estando no meu depacho cuns amigos, finei dun infarto de miocardio. Moitas grazas.

Dian Fossey (Laura Mazoy)

Vandana Shiva (Paula E. Flores)

María Wonenburger (Susana Roa)

Os alumnos do IES Ribeira do Louro falan da súa experiencia no grupo de teatro do centro

"Co teatro fas amigos e aprendes a controlar os nervios"

Hugo Vilariño González, Milagros (Mili) Pérez Rocha, Óscar Martínez Pérez e Andrea Mª Pardo Lorenzo, de 4º de ESO A, e Daniel Otero Otero, de 3º de ESO A, forman parte do alumnado do centro que durante un curso, ou algún máis, asistiu ao grupo de teatro co profesor Delio García. Os alumnos e alumnas cóntannos o que supuxo e supón para eles asistir ás clases de teatro.

Como comezastes a participar no grupo de teatro do instituto?

Coñecemos o grupo teatral grazas á información que o profesorado, en especial Delio, nos deu. Tamén ao ver no centro carteis sobre as actuacións teatrais de anos anteriores soubemos da súa existencia.

Que supuxeron para vós as clases de teatro?

É unha afección, como podería ser practicar algún deporte ou asistir a un club de lectura.

Considerades que o teatro achegou algo positivo á vosa vida cotiá, sexa escolar ou non?

O teatro só nos achegou cousas positivas. Entre elas, unha serie de habilidades que sen asistir ao grupo de teatro non teriamos hoxe: perdemos o medo escénico e vencemos a timidez, aumentou a nosa destreza para falar en público, axudounos a aprender a controlar os nervios e mellorou a nosa capacidade memorística. Amais, tamén nos facilitou a relación con outros compañeiros e profesores e, por suposto, a facer un grupo de amigos porque, ao final, pasamos moitas horas xuntos nos ensaios, etc.

Velaquí o alumnado que opinou sobre o grupo de teatro do noso instituto

"De seguro que nun futuro teremos unha nova xeración de artistas galegos que anden polo mundo facendo sorrir e transmitindo emocións"

Que significa para vós actuar nun escenario?

Podemos dicir que é unha satisfacción levar unha obra a escena e comprobar como todos nós puidemos ser quen de aprender un papel e representalo para un público, no centro escolar ou fóra del.

Recomendaríadeslle a un amigo ou amiga facer teatro?

Por suposto. Sempre lle diriamos que participase, fundamentalmente a aqueles alumnos que chegan ao centro por primeira vez.

Mili Pérez e Daniel Otero, vós seguides formando parte do grupo teatral este ano, pero o resto non. Por algún motivo?

(Andrea Mª Pardo, Hugo Vilariño e Óscar Martínez) Non hai ningún motivo máis alá da nosa dispoñibilidade horaria e da dedicación, neste momento, a outras actividades.

Algún de vós se interesou por facer teatro máis alá das aulas?

(Daniel Otero) Eu, ademais do instituto, vou á clase de teatro na Sala Ingrávida, que está aquí no Porriño. Gústame moito e así teño a posibilidade de facer teatro fóra do centro escolar.

A algún ou algunha de vós lle gustaría dedicarse profesionalmente ao teatro?

(Sorrín) A verdade é que a día de hoxe aínda non o temos nada claro, pero esa posibilidade sempre está aí.

O Porriño ten unha boa canteira de profesionais do teatro, moitos deles galardoados. Por exemplo, a porriñesa Areta Bolado, actriz da compañía teatral A Panadería, gañou co seu primeiro espectáculo "Pan! Pan!" o Premio María Casares 2015 á mellor actriz secundaria. De seguro que nun futuro teremos unha nova xeración de artistas galegos que anden polo mundo facendo sorrir e transmitindo emocións e nisto terá moito que ver o teatro escolar e, por suposto, a aula de teatro do IES Ribeira do Louro.

Raquel Rodríguez Parada
Departamento de Lingua Galega e Literatura

A sala Ingrávida, no Porriño, ofrece unha interesantísima programación teatral

A actriz do Porriño Areta Bolado, da compañía teatral A panadería, co premio María Casares